

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 19 DE XANEIRO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se inicia o proceso de constitución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se exixe de constitución de garantías nos pagamentos anticipados e á conta derivados da convocatoria para o exercicio 2017 das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2017. Importe total: un millón corenta e cinco mil cento trinta euros (1.045.130,00 €).

**INFORMES**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Informe sobre os acordos da Conferencia de Presidentes (xaneiro 2017).

- Informe sobre determinadas subvencións en materia de turismo: festas de interese turístico, contratación de persoal nas oficinas de turismo, Premios Camiño de Santiago e Premios Galicia Parabéns.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Informe sobre o balance da orde de axudas de 2016 para paliar os danos producidos polo lobo e da convocatoria das ditas axudas para o ano 2017.

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Informe sobre o protocolo de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa APROL- Economía Social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao programa operativo do Fondo Social Europeo e se convocan para o ano 2017.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre o balance do programa Galeuropa 2016.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe polo que se dá conta da aprobación das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia convocadas para o ano 2016.

## **A XUNTA INICIA A CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO QUE VAI RESOLVER OS RECURSOS ESPECIAIS NO EIDO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA**

- *Galicia asumirá unha función que agora realiza o Ministerio de Facenda*
- *Os recursos especiais son os máis relevantes na contratación das administracións*
- *O Tribunal actuará con independencia no exercicio das súas competencias e estará conformado por tres persoas: unha ocupará a presidencia e dúas serán vogais*
- *O seu ámbito de actuación tamén incluírá a Administración local e as universidades*

O Consello da Xunta acordou hoxe o inicio do proceso de constitución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, un organismo que estará adscrito á Consellería de Facenda e que se encargará de resolver os recursos especiais no eido da contratación administrativa.

Na actualidade, os recursos especiais –os de maior relevancia na contratación pública– no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia son resoltos por un órgano adscrito ao Ministerio de Facenda. Unha vez posto en marcha este tribunal, Galicia asumirá unha competencia que neste momento é desenvolvida polo Ministerio de Facenda.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma actuará con total independencia no exercicio das súas competencias e estará conformado por tres persoas: unha delas ocupará a presidencia do tribunal, e as outras dúas serán vogais.

A Xunta seleccionará as persoas que conformarán o tribunal a través dunha convocatoria pública. En todo caso, o presidente do Tribunal deberá ser funcionario de carreira, de corpo ou escala para cuxo acceso sexa requisito necesario o título de licenciado ou grao en Dereito e cunha experiencia profesional superior a dez anos. Ademais, valorarase a súa experiencia profesional no ámbito da contratación pública.

Os vogais tamén se designarán entre aqueles funcionarios de carreira que contén co título de licenciado ou grao en Dereito e que teñan unha actividade profesional superior a dez anos, valorando tamén a súa experiencia profesional no ámbito da contratación pública. A duración do mandato dos membros do tribunal será de seis anos, aínda que a primeira renovación do tribunal se realizará de forma parcial aos tres anos do nomeamento.

### **Funcións**

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública terá entre as súas funcións o coñecemento e resolución de todos os recursos especiais interpostos contra determinados actos acordados nos contratos de servizos suxeitos a regulación harmonizada (os comprendidos entre a categoría 1 a 16 do anexo que excedan de

209.000 euros). Dos non harmonizados, tamén atenderá os recursos de contratos de servizos das categorías 17 a 27 que excedan de 209.000 euros.

O ámbito de competencia deste tribunal abarcará a Xunta e as entidades do sector público autonómico que teñan a consideración de poder adxudicador, as universidades públicas e as entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma que teñan igualmente a consideración de poder adxudicador.

Durante o ano 2016, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais -que nun futuro próximo substituirá o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma- resolveu 140 reclamacións ante os órganos de contratación de Galicia.

## A XUNTA APOIARÁ 30 NOVOS PROXECTOS QUE FACILITARÁN O IMPULSO DAS EXPORTACIÓNS DE 200 PEMES GALEGAS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 1,5 millóns de euros ao programa Galicia Exporta Organismos Intermedios, co cal favorecerá o desenvolvemento de actuacións conxuntas no exterior promovidas por asociacións, consellos reguladores, centros tecnolóxicos ou clústers*
- *Durante as dúas últimas convocatorias concedéronse axudas por 2,85 millóns de euros, o que permite a pemes galegas o acceso a medio centenar de mercados exteriores*
- *Esta actuación enmárcase dentro da Estratexia de internacionalización da empresa galega, á cal a Xunta dedica 50 millóns de euros para incrementar o ritmo exportador en máis dun 25% ata 2020*
- *Galicia está a bater de novo o seu récord exportador, cun incremento do 6,1 % entre xaneiro e novembro de 2016 fronte ao mesmo período de 2015, e multiplicando case por catro a media española*

A Xunta, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial como un dos piares para a consolidación do crecemento económico de Galicia, desenvolve diferentes programas de impulso para facilitar a saída ao exterior das pemes galegas. Entre estas iniciativas, encóntrase o Galicia Exporta Organismos Intermedios, para o cal o Consello da Xunta aprobou hoxe a súa convocatoria. Cun orzamento de 1,5 millóns de euros, o obxectivo da Consellería de Economía, Emprego e Industria é facilitar a internacionalización conxunta da empresa de Galicia non exportadora ou con escasa presenza en mercados exteriores, así como contribuír a que compañías que xa venden produtos e servizos no estranxeiro poidan incrementar as súas exportacións. A previsión é que un total de 200 empresas, agrupadas nunha trintena de proxectos, se benefician desta nova edición.

Os proxectos estarán promovidos por pemes organizadas por organismos intermedios domiciliados en Galicia: asociacións empresariais, consellos reguladores, centros tecnolóxicos ou clústers. En concreto, estas axudas a actuacións no exterior están dirixidas a apoiar o esforzo realizado polos organismos intermedios para axudar a pequenas e medianas empresas galegas de modo agrupado aproveitando sinerxías e cooperando entre si; polo que este programa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, facilita as accións de promoción propostas e organizadas por entidades empresariais sen ánimo de lucro.

As bases da nova convocatoria publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para, a continuación, abrir un período de dous meses para presentar as solicitudes. O importe máximo da subvención será de 150.000 euros, que cobren o 80% dos gastos que son susceptibles de recibir as axudas. A convocatoria resolverase por concorrencia

competitiva e o prazo de vixencia das axudas será ata mediados de 2018. Os beneficiarios realizarán accións de internacionalización, como misións empresariais directas a calquera país estranxeiro, participación en feiras e exposicións, ou proxectos cooperativos en destino para a implantación promocional ou prospección de mercados.

Ao abeiro das dúas edicións anteriores do Galicia Exporta Organismos Intermedios, en 2014 e 2016, concedéronse axudas por valor de 2,85 millóns de euros entre as 50 solicitudes aprobadas, que se desenvolveron en máis de 50 países.

A nova convocatoria, cofinanciada con fondos Feder, completárase con outras iniciativas, como Galicia Exporta Empresas e as axudas para a contratación de xestores de exportación, que apostan por potenciar a cooperación das pemes galegas de cara a mellorar a súa competitividade e incrementar a súa capacidade de medrar nos mercados internacionais.

Estas accións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, enmárcanse na folla de ruta trazada pola Xunta para avanzar na internacionalización do tecido empresarial galego: a Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020, á cal destina 50 millóns de euros, busca incrementar as exportacións en máis dun 25% ata 2020 e facer de Galicia un foco de atracción de investimentos especializado en sectores e países concretos.

Como resultado do esforzo continuado das empresas, apoiadas pola Xunta a través desta estratexia, Galicia está a bater de novo os seus rexistros históricos de exportacións. Así, de xaneiro a novembro de 2016, as exportacións da comunidade medraron un 6,1 % fronte ao mesmo período de 2015, multiplicando case por catro a media española, que se situou nun 1,6 %. Deste xeito, Galicia é a terceira comunidade onde máis medran as exportacións; incrementando ademais nun 21,6% o saldo positivo da balanza comercial.



## A XUNTA IMPULSA A COMPETITIVIDADE E O CRECEMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA CON AXUDAS QUE SUMAN PRETO DE 4 MILLÓNS

- *O Goberno galego activa dous programas de apoio ás empresas do sector que na Comunidade aglutina 7.000 entidades e 320.000 persoas*
- *Aprol Economía Social, dotado con máis 2,5 millóns, un 8,2% máis que en 2016, fomenta o emprego nas entidades apoiando a incorporación de novos socios nas cooperativas e sociedades laborais e poden beneficiarse 135 entidades e máis de 200 persoas*
- *As axudas para as entidades colaboradoras da Rede Eusumo con máis dun millón de euros promoven a consolidación das asociacións de cooperativas e sociedades laborais e apoian actividades de fomento da economía social*
- *Estes apoios complementáanse con accións directas de formación e asesoramento no eido do emprendemento colectivo*
- *As axudas do Aprol para os colectivos máis vulnerables increméntanse nun 25%*
- *O Goberno galego destina este ano á economía social 18 millóns de euros, o que supón un incremento do 11,3%*
- *A iniciativa enmárcase na Axenda 20, coa que se está impulsando o emprego de calidade e que prevé a creación de 500 novas entidades de economía social*

A Xunta impulsará a competitividade e o crecemento da economía social en Galicia con programas de apoio que suman preto de 4 millóns de euros. O Consello da Xunta vén de informar destas iniciativas, do programa Aprol Economía Social para fomentar o emprego nestas entidades, dotado con máis de 2,5 millóns, que crece con respecto a 2016 nun 8,2%, e das axudas para o asesoramento e formación a través da Rede Eusumo, que conta cun investimento de máis dun millón de euros, aos cales se suman 300.000 euros de accións directas de formación e asesoramento.

A actuación forma parte do orzamento global que o Goberno galego destina este ano á economía social, que ascende a 18 millóns de euros, un 11,3% máis que en 2016, e se enmarca na Axenda 20 para o Emprego que está a impulsar o traballo de calidade en Galicia e prevé a creación de 500 novas entidades de economía social. Esta medida tamén forma parte da Estratexia para o impulso do cooperativismo galego 2016-2020, coa cal se quere potenciar a competitividade e internacionalización do sector.

Aprol Economía Social fomenta, dunha banda, con axudas máximas de 82.000 euros, o emprego e a mellora da competitividade nas entidades de economía social. Inclúe catro programas diferentes: incentivos para que as cooperativas e sociedades laborais incorporen novos socios; apoio aos desempregados para que formen estas entidades; impulso de proxectos empresariais colectivos; e apoio ás empresas que levan a cabo proxectos de integración, como a fusión ou constitución dunha cooperativa de

segundo grao ou de colaboración con outras entidades de economía social para proxectos de I+D+i, comercialización ou internacionalización.

Desta liña de axudas estímase que se poderán beneficiar 135 entidades que inicien a súa actividade, emprendan novos proxectos ou amplíen o seu número de socios e máis de 200 persoas que poderán atopar emprego a través dunha cooperativa ou sociedade laboral.

Como novidade este ano, incrementáanse as contías base para apoiar a incorporación de novos socios de 5.500 a 6.000 euros e as destinadas aos socios para a achega do capital social de 3.000 a 6.000 euros.

### **Rede Eusumo**

Doutra banda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá máis dun millón de euros para o asesoramento, difusión e formación do emprendemento a través da Rede Eusumo, que conta na actualidade con 168 entidades adheridas e 14 viveiros de empresas.

Son tres programas de axudas, que poden chegar aos 170.000 euros para fomentar a consolidación das asociacións cooperativas; apoiar os concellos e as entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no marco desta Rede. Estímase que se poderán beneficiar 2.000 persoas e 465 entidades. A esta liña de axudas súmanse accións directas de formación e asesoramento en materia de emprendemento colectivo.

A través da Rede Eusumo, creada polo Goberno galego en 2012, xeráronse xa 450 empregos directos. Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta para fomentar o cooperativismo e a economía social, coa cal se pretende promover o espírito emprendedor, prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na Economía Social.

Entre as novidades está que se incrementan nun 25% as axudas para os colectivos máis vulnerables, entre os cales se encontran mulleres, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, unidades familiares con todos os membros desempregados, cooperativas xuvenís, así como concellos do ámbito rural. Ademais, nas dúas liñas de apoio, terase en conta o peso do emprego feminino no cadro de persoal das empresas. Tamén se valorará a estabilidade no emprego.

Estes dous programas de axudas súmanse ao Fondo de Economía Social (FES), dotado con 5 millóns de euros, que a Xunta pon á disposición destas entidades para apoiar financeiramente as empresas deste sector, que en Galicia aglutina 7.000 entidades e 320.000 persoas. Esta actuación estaba prevista no desenvolvemento da Lei de



economía social, aprobada o pasado ano, xa que unha das súas principais medidas é estimular o acceso das pequenas e medianas empresas da economía social a programas de microcréditos ou fondos de capital risco.

En definitiva, estas medidas o que buscan é axudar á posta en marcha de novos proxectos de economía social con diferentes mecanismos para que todo plan que sexa viable poida materializarse. O obxectivo é que estas empresas poidan gañar tamaño, ser máis competitivas e abrirse a novos mercados.

## **O PRESIDENTE TRASLADA AO CONSELLO UNHA VALORACIÓN DA CONFERENCIA DE PRESIDENTES**

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, trasladou ao Consello unha valoración da VI Conferencia de Presidentes Autonómicos, que se celebrou en Madrid o pasado martes, así como lle deu traslado aos membros do Goberno dos acordos acadados da mesma. A nivel xeral, Feijóo puxo de relevo a produtividade da xuntanza e a súa esperanza de que sirva como punto de partida para intensificar o traballo conxunto entre o Goberno central, as 17 comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas.

No informe que trasladou ao Consello, o presidente fixo especial fincapé en catro aspectos, de gran relevancia para Galicia. O primeiro, a perspectiva de que a Conferencia pase a ser unha xuntanza de carácter ordinario, cunha periodicidade concreta. O segundo, que se implique ás comunidades na negociación do pacto educativo. O terceiro, que se chegase a un acordo para desenvolver unha Estratexia Nacional pola Demografía, un asunto que Galicia leva tempo reclamando. E o cuarto, que se comece a negociar un sistema de financiamento autonómico estable e con vocación de permanencia.

## TURISMO DE GALICIA CONCEDERÁ OS PREMIOS 'GALICIA PARABENS' PARA AVANZAR NA MELLORA DA PAISAXE

- *Estes novos galardóns distinguirán as iniciativas públicas destinadas a conservar, mellorar e embelecer as paisaxes, os núcleos poboacionais e os Camiños de Santiago de Galicia*
- *Contarán con dúas categorías dotadas de 400.000 euros cada unha*
- *Así mesmo, Turismo de Galicia convoca unha nova edición dos Premios Camiño de Santiago para os cales alcanzará un total de 75.000 euros*
- *Por outra parte, destinará neste ano 600.000 euros a promover as festas de interese turístico autonómico e axudar aos municipios turísticos e xeodestinos na contratación de persoal*

Un dos novos grandes proxectos de Turismo de Galicia para este ano é a institución dos premios Galicia Parabéns, que distinguirán as iniciativas públicas destinadas a conservar, mellorar e embelecer as paisaxes, os núcleos poboacionais e os Camiños de Santiago de Galicia.

Así, o obxectivo destes novos galardóns é avanzar na mellora da paisaxe de Galicia e da integración harmónica dos elementos arquitectónicos, aumentar a sensibilidade cidadá en relación coa relevancia dos valores da paisaxe e da calidade estética das construcións insertas nela e fomentar a colaboración cidadá en coordinación coas administracións públicas.

Os premios distinguirán iniciativas, actuacións ou proxectos encamiñados a conseguir unha mellora da paisaxe, unha integración axeitada dos elementos antrópicos ou un embelecemento dos núcleos poboacionais ou na colindancia das rutas xacobeas.

Na primeira categoría premiaranse obras xa realizadas que precisen dunha nova fase de intervención ou proxectos complementarios a unha actuación. Pola súa parte, a segunda categoría premiará proxectos de nova intervención. Os premios, dirixidos aos concellos, estarán dotados con 400.000 euros para cada unha das categorías

### **Premios Camiño de Santiago**

Así mesmo, un ano máis Turismo de Galicia convoca os Premios Camiño de Santiago para os cales alcanzará un total de 75.000 euros.

Estes galardóns promoven a excelencia na atención ao peregrino e a axeitada xestión dos recursos ligados ao Camiño de Santiago mediante a distinción daquelas iniciativas públicas e privadas que se desenvolvan en Galicia e se destinen a conservar, mellorar e embelecer a contorna das distintas rutas xacobeas; a crear novos servizos aos

peregrinos ou innovar e mellorar os existentes e a divulgar e promover o Camiño de Santiago, a cultura xacobeá, o seu patrimonio e a súa conservación.

Concederanse un total de oito distincións entre as catro categorías convocadas. Nas categorías primeira, segunda e terceira establécese, para cada unha, un primeiro premio de 15.000 euros e un segundo premio de 5.000 euros. Na cuarta categoría, achéganse 10.000 euros para a modalidade de investigación e 5.000 euros para traballos en centros educativos de primaria e secundaria.

### **Festas de interese turístico de Galicia**

Por outra parte, Turismo de Galicia destinará este ano 300.000 euros a promover as festas de interese turístico autonómico a través dunha liña de axudas á cal poderán optar todos os concellos que organicen celebracións deste tipo ao longo do 2017.

Estas axudas, das cales no 2016 se beneficiaron un total de 85 concellos, teñen por obxecto sufragar parcialmente os investimentos directamente vinculados ao apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, 112 na actualidade, sen que poidan ser obxecto de subvención as celebracións, que ademais da declaración de interese turístico autonómico, contén coa declaración de festa de interese nacional ou internacional.

Neste ámbito, Turismo de Galicia asinou un convenio de colaboración coa entidade financeira Abanca para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade galega. Así, segundo este acordo, no caso de que o concello estea interesado, Abanca contribuirá coa promoción da festa cun importe de 1.500 € como achega complementaria á subvención.

### **Municipios turísticos e xeodestinos**

Así mesmo, os concellos galegos que contén coa declaración de municipios turísticos e os xeodestinos –novidade da convocatoria deste ano- contarán cunha liña de axudas para a contratación de persoal nas oficinas de turismo entre os meses de xuño e setembro.

A convocatoria deste ano presenta, así, como novidade, que poden resultar beneficiarios os 18 xeodestinos e subxeodestinos de Galicia.

Así, Turismo de Galicia destinará un total de 300.000 euros a estas axudas das cales no pasado ano 2016 se beneficiaron un total de 43 concellos.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE 2017 DAS AXUDAS PALIAR OS DANOS OCASIONADOS POR ATAQUES DE LOBO POR UN IMPORTE DE CASE 380.000 EUROS

- *A nova convocatoria implica un aumento do orzamento de máis dun 6% con respecto á convocatoria anterior*
- *Un das novidades da nova convocatoria é que inclúe os concello da zona 1, así como aqueles en que se teñen producido ataques reiterados nos últimos anos, e comprende, por tanto, as zonas máis conflitivas*
- *O Diario Oficial de Galicia publicará mañá esta orde, polo que as explotacións que rexistraron un ataque de lobo dende o 1 de outubro de 2016 poden acollerse a estas subvencións*
- *O Consello da Xunta tamén foi informado do contido do balance das axudas xa concedidas para compensar as perdas que ocasionan estes mamíferos*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou a orde pola que se convocan as axudas do ano 2017 para paliar os danos ocasionados por ataques de lobo. O importe da orde ascende a case 380.000 euros (379.958) e supón un incremento dun 6% respecto do importe da anterior convocatoria. O *Diario Oficial de Galicia* publicará mañá a orde pola que se convocan estas subvencións e que están dirixidas aos titulares de actividades gandeiras afectados polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando, sempre que os danos procedan de ataques que non poidan evitarse polo tipo de gando ou polo sistema de explotación.

A través desta orde, concédense axudas aos titulares de explotacións gandeiras que resultan prexudicadas por ataques de lobo. As contías concedidas son en función das especies afectadas e tramos de idade, que oscilan entre os 26 euros (ovino adulto  $\geq 6$  anos) e os 1.635 euros (vacún de raza autóctona  $\geq 2$  anos e  $< 6$  anos).

As contías das axudas calcúlanse con base nun baremo e poden incrementarse os importes nun 30 % en determinados concellos, que se corresponden con aqueles incluídos na zona 1 do plan de xestión da especie e, como novidade, a orde de convocatoria deste ano inclúe así mesmo aqueles outros concellos en que se teñen producido ataques reiterados nos últimos anos, e comprende, por tanto, as zonas máis conflitivas. En total son 74 concellos (listado ao final da nota).

O lobo mantén unha poboación abundante na xeografía galega. Os últimos traballos de censo da especie mostran o dato de presenza de 90 grupos reprodutores (mandas), dos cales 14 serían compartidos con outras comunidades autónomas e Portugal (3 con Asturias, 6 con Castilla y León e 5 con Portugal).

Estas poboacións concéntranse sobre todo na dorsal galega e nas zoas orientais de montaña de Lugo e Ourense. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa biodiversidade senón, ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que se desenvolve. Na actualidade, a presenza do lobo ocupa unha ampla zona do territorio galego.

As súas necesidades alimenticias entran ás veces en conflito cos intereses do sector gandeiro, que sofre a depredación que ocasionalmente realiza sobre o gando, o que produce unha importante conflitividade social.

Nese sentido, desde o ano 2004, co fin de conciliar o interese pola pervivencia da especie coa viabilidade das actividades gandeiras, a Xunta de Galicia ten posto en marcha unha liña de axudas, de carácter compensatorio, para reparar os danos ocasionados sobre o gando vacún, ovino, cabrún, equino e porcino de Galicia, sempre que os danos procedan de ataques que non podan evitarse polo tipo de gando ou polo sistema de explotación.

### **Balance de 2016**

O Consello da Xunta tamén foi informado dun balance sobre a repartición das axudas aboadas ao longo de 2016 e que suman un importe global de 358.958 euros. En total, deuse cobertura a 800 beneficiarios, que viron compensados os danos provocados por esta especie animal.

A tramitación das axudas segue un protocolo rigoroso que inclúe desde unha inspección no campo ata a valoración do dano para a concesión da axuda, a través dun órgano que é a comisión provincial de valoración (formada por técnicos e axentes ambientais, asesores externos expertos, como biólogos e veterinarios, e representantes do sector gandeiro).

Así, os datos que constan na Dirección Xeral de Patrimonio Natural apuntan a que o número dos avisos por ataques de lobo en Galicia comunicados nos últimos 3 anos, correspondentes cos períodos de vixencia das correspondentes ordes de axudas, son os seguintes: 618 en 2014; 618 en 2015; e 820 no pasado ano.

Con respecto ao número global de reses afectadas, neste período, os datos revelan que en 2016 foron 1.573 reses, fronte ás 1.466 reses de 2014, e as 1.258 de 2015. Por especies, no mesmo período 2014-2016, o ovino segue a ser o máis afectado (con 2.449 reses), seguido do gando vacún (1.040 reses), equino (420 reses) e cabrún (388).



| A CORUÑA                      | LUGO           | OURENSE            | PONTEVEDRA         |
|-------------------------------|----------------|--------------------|--------------------|
| Aranga                        | Abadín         | Allariz            | A Cañiza           |
| As Pontes de García Rodríguez | Alfoz          | A Bola             | A Estrada          |
| Curtis                        | A Pastoriza    | A Teixeira         | A Lama             |
| Dumbría                       | Baralla        | Avión              | Cerdedo            |
| Mazaricos                     | Cervantes      | Baltar             | Covelo             |
| Melide                        | Chantada       | Bande              | Cuntis             |
| Monfero                       | Cospeito       | Beariz             | Forcarei           |
| Muxía                         | Friol          | Calvos de Randín   | Fornelos de Montes |
| Ortigueira                    | Guitiriz       | Carballada de Avia | Lalín              |
| Santiago de Compostela        | Láncara        | Cualedro           | Valga              |
| Sobrado dos Monxes            | Mondoñedo      | Entrimo            |                    |
| Toques                        | Monterroso     | Lobeira            |                    |
| Vimianzo                      | Muras          | Lobios             |                    |
|                               | O Saviñao      | Maceda             |                    |
|                               | O Corgo        | Melón              |                    |
|                               | O Incio        | Montederramo       |                    |
|                               | O Páramo       | Muíños             |                    |
|                               | O Valadouro    | Nogueira de Ramuín |                    |
|                               | Outeiro de Rei | O Bolo             |                    |
|                               | Ouroi          | Os Blancos         |                    |
|                               | Pol            | Rairiz de Veiga    |                    |
|                               | Riotorto       | Viana do Bolo      |                    |
|                               | Samos          | Vilar de Barrio    |                    |
|                               | Triacastela    | Vilar de Santos    |                    |
|                               | Vilalba        | Xinzo de Limia     |                    |
|                               | Xermade        |                    |                    |

## O CONSELLO APROBA O ACORDO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE COMPOSTELA PARA A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO NA CIDADE, CUN INVESTIMENTO DA XUNTA ESTIMADO EN 4,2 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego avanza así no obxectivo de poñer en valor as entradas na capital de Galicia das distintas rutas xacobeas antes da celebración do próximo ano xubilar, en 2021*
- *As zonas de actuación son o Camiño Francés, en San Lázaro e nos Concheiros, o Camiño Portugués en Conxo e o Camiño Inglés no Polígono do Tambre, e estudarase estendelo tamén á Vía da Prata así como ao Camiño Portugués ata a Ponte da Rocha Vella*
- *No acordo de colaboración autorizado hoxe, a Xunta asume o compromiso de planificar e executar as obras, de acordo cos intereses patrimoniais e turísticos da Comunidade Autónoma*
- *Os orzamentos da Xunta para 2017 recollen unha partida de 230.000 euros destinada a financiar a redacción dos proxectos construtivos das obras, que deberán estar culminadas no ano 2020*
- *O Concello de Santiago comprométese a poñer a disposición os terreos necesarios, realizar os trámites administrativos que correspondan e repoñer os servizos urbanos e servidumes afectados polas obras*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración co Concello de Santiago destinado a promover a mellora e a integración paisaxística dos Camiños de Santiago na súa chegada á cidade, un proxecto que suporá un investimento estimado en 4,2 millóns de euros por parte da Administración autonómica.

Este acordo de colaboración, que implica compromisos de traballo por parte da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Turismo de Galicia, permitirá á Xunta avanzar no seu obxectivo de poñer en valor as entradas en Santiago das distintas rutas xacobeas de cara á celebración do vindeiro ano xubilar, en 2021, para acadar a excelencia na experiencia do peregrino. A finalidade deste proxecto é potenciar as oportunidades e os valores actuais do Camiño de Santiago.

Para a mellora deses contornos urbanos, a Xunta seguirá o previsto na planificación elaborada polo Instituto Galego de Estudos do Territorio e aliñada co Plan estratéxico e director do Camiño de Santiago da Xunta. Esa planificación propón as actuacións que se deben desenvolver sobre a base de criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais e socioeconómicos.

Con ese obxectivo, antes da finalización do ano 2020 estudaranse, proxectaranse e executaranse actuacións para a mellora e a integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, cando menos nos seguintes ámbitos:

- No Camiño Francés en San Lázaro, entre a baixada do Monte do Gozo e a capela de San Lázaro.
- No Camiño Francés, nas rúas das Fontiñas, Fonte dos Concheiros e Os Concheiros, e especialmente na reordenación do cruzamento coa avenida de Lugo.
- No Camiño Portugués, na chegada ao mosteiro de Conxo e a rotonda de Conxo sobre a SC-20.
- E no Camiño Inglés, no tránsito a través do polígono del Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Ademais, avaliarase a extensión do ámbito de actuación á Vía da Prata, de modo complementario á actuación prevista para a súa execución por parte do concello no Castrón Douro, así como ao Camiño Portugués ata a ponte da Rocha Vella e a outros ámbitos que sexan considerados polas partes asinantes deste acordo.

No acordo de colaboración autorizado hoxe, a Xunta asume o compromiso de planificar e executar as obras, de acordo cos intereses patrimoniais e turísticos da Comunidade Autónoma. Os orzamentos da Xunta para 2017 recollen unha partida de 230.000 euros destinada a financiar a redacción dos proxectos construtivos das obras, que deberán estar culminadas no ano 2020.

Pola súa banda, o Concello de Santiago deberá levar a cabo os trámites administrativos precisos para acadar os obxectivos deste convenio, así como a poñer á disposición da Xunta os bens e terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a execución das obras, e á reposición e, se for o caso, renovación ou nova instalación de servizos urbanos e servidumes afectadas.

As partes constituirán un grupo de traballo que estará integrado por tres membros da Xunta (que representan a Consellería de Cultura, AXI e Axencia de Turismo de Galicia) e tres representantes da administración local. Este grupo de traballo encargárase de realizar un seguimento do desenvolvemento do establecido neste protocolo mediante o intercambio de información, a elaboración de informes de seguimento e de valoración de resultados.

## **GALEUROPA PERMITIU QUE MÁIS DE 300 MOZOS E MOZAS REALIZASEN PRÁCTICAS FORMATIVAS EN EMPRESAS DE 31 PAÍSES EUROPEOS EN 2016**

- *A orde de axudas deste programa estivo dotada con máis de 2 millóns de euros, o que supón un incremento do 103% con respecto ao ano 2015*
- *Con estas mobilidades inténtase dotar a Comunidade de profesionais con coñecementos non só das habilidades propiamente da súa titulación senón tamén do funcionamento do mundo empresarial internacional e doutros idiomas estranxeiros*
- *Segundo un estudo da Universidade de Santiago de Compostela, o desemprego entre os participantes en Galeuropa diminuíu nun 67%*

Un total de 324 mozos e mozas galegos realizaron prácticas formativas en empresas e/ou entidades de 31 países europeos durante o pasado 2016 a través do programa da Consellería de Política Social Galeuropa, tal e como informou o departamento autonómico no Consello da Xunta celebrado hoxe.

Trátase dun programa de axudas á mobilidade que complementan a competencia profesional e persoal da mocidade galega, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral, de xeito que poidan constatar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do currículo.

A orde de axudas de Galeuropa estivo dotada en 2016 con 2.034.074,76 euros, divididos en axudas individuais, das cales se beneficiaron 146 mozos e mozas; axudas a entidades sen ánimo de lucro, que permitiron 118 mobilidades a través de 9 proxectos; e axudas a concellos, coas cales se levaron a cabo 3 proxectos que propiciaron 60 mobilidades. Este investimento supón un incremento do 103 % con respecto ao orzamento destinado a Galeuropa no ano 2015.

Con estas mobilidades inténtase dotar a Comunidade de profesionais con coñecementos non só das habilidades propiamente da súa titulación senón tamén do funcionamento do mundo empresarial internacional e doutros idiomas estranxeiros. Ademais, os e as participantes adquiren novas capacidades nun contorno cultural e social novo, tanto a través da formación académica como das prácticas profesionais e mesmo dos propios procesos de educación non formal que leva parella a participación nestes programas.

Deste xeito, os mozos e mozas galegos alcanzan e asimilan unha visión a nivel persoal e profesional que contribuirá á mellora da súa vida persoal e profesional á vez que se dota de recursos humanos de calidade o tecido empresarial galego, así como tamén contribúe a descubrir novas posibilidades de internacionalización das empresas galegas.

Galeuropa é unha das medidas comprendidas para a implantación do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e enmárcase no Programa Operativo de Emprego Xuvenil e cofinanciase no período 2015-2016 pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo cunha porcentaxe do 91,89 %.

### **Renovación dos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**

Nesta lexislatura culmínase o proceso de renovación total dos programas da Dirección Xeral iniciado en 2010. Das antigas accións baseadas na xestión do ocio e do tempo libre, o departamento autonómico pasou a executar actuacións onde a adquisición de novas competencias xuvenís se realiza a través de programas de educación non formal.

Deste xeito, nos últimos anos puxéronse en marcha proxectos pioneiros a nivel de todo o Estado que facilitan aos mozos e mozas a adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes que aumentan as súas posibilidades de empregabilidade. Entre eles destacan Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil, Erasmus+, a Campaña de Verán, Diseñando o teu Futuro e Galeuropa.

Cómpre destacar que segundo un estudo da Universidade de Santiago de Compostela sobre "Os programas de educación non formal e a empregabilidade da xuventude en Galicia" –presentado en 2016 e que analizou os resultados de tres programas da Dirección Xeral-, o desemprego entre os participantes en Galeuropa diminuíu nun 67%.

## MEDIO RURAL DESTINA PRETO DE MEDIO MILLÓN DE EUROS A FINANCIAR 10 PLANS DE REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DE VIÑA

- ***Estas achegas aplícanse ás superficies destinadas á produción de uva para elaboración de viño nas cales se leven a cabo tarefas de reconversión varietal, reimplantación de viñas ou melloras das técnicas de xestión dos cultivos***

A Consellería do Medio Rural aprobou, na convocatoria de 2016, un total de 10 plans de reestruturación e reconversión de viña por un importe superior aos 490.000 euros, un 3,44% máis que a convocatoria anterior. Estas achegas aplícanse ás superficies destinadas á produción de uva para elaboración de viño nas cales se leven a cabo tarefas de reconversión varietal, reimplantación de viñas ou melloras das técnicas de xestión dos cultivos.

Nesta convocatoria aprobáronse todas as axudas que cumprían os requisitos. Dos 10 plans autorizados, seis son colectivos (integrados por un mínimo de cinco persoas) e os catro restantes individuais. No primeiro caso foron 49 persoas as beneficiarias, cun total de 42,7 hectáreas reconvertidas. Nos plans individuais, o total de hectáreas reconvertidas son 2,73. Así pois, a superficie afectada total é de 45,43 hectáreas e a cifra de beneficiarios ascendeu a 53. A subvención media por beneficiario é de 9.249 euros, máis do dobre que no exercicio de 2015.

Por provincias, a maior parte dos beneficiarios, un 47,17%, corresponde a Ourense. Séguenlle os de Pontevedra (cun 32,08%), Lugo (16,98%) e finalmente A Coruña, cun 3,77%. Por zonas vitícolas, o maior número de beneficiarios son da denominación de orixe Rías Baixas (17), seguida pola de Valdeorras (15), Ribeira Sacra (9), Ribeiro (6), Monterrei (4), a indicación xeográfica protexida (IXP) Viños da Terra de Betanzos (1) e sen IXP (1).

No período 2000-2016 beneficiáronse destas axudas un total de 9.353 viticultores. A superficie afectada foi de 4.176 hectáreas. Destináronse 61,16 millóns de euros a esta finalidade e a media de axuda por beneficiario foi de 6.539 euros. Así, o departamento que dirixe Ángeles Vázquez vai seguir traballando para aumentar a profesionalización dos viticultores galegos, ao mesmo tempo que se potencia a remuda xeracional facilitando o acceso ás explotacións a viticultores mozos.

Con esta orde de axudas búscase tamén acadar os obxectivos estratéxicos fixados na política de reestruturación de viñas galega. Así, trátase de levar a cabo os reaxustes estruturais que fagan diminuír os custos de produción nas explotacións vitícolas onde predomina o minifundio, mellorar as técnicas de xestión das viñas e adaptar as explotacións ao mercado a través de melloras varietais. Con elas preténdese axustar as producións á demanda, ao mesmo tempo que se preservan as variedades viníferas



autóctonas de menores rendementos e de elevada calidade diferenciada, aproveitando deste xeito a gran vantaxe competitiva que supón a diferenciación nun mercado cada vez máis globalizado.